

## NOTA INFORMATIVA

### Procesos selectivos de persoal de administración e servizos (PAS).

Como consecuencia da evolución da pandemia do virus COVID-19, a xerencia da Universidade de Vigo emitiu un comunicado o 16 de marzo determinando o adiamento, por un período mínimo de 2 meses, da celebración de probas selectivas nos procesos de selección de persoal de administración e servizos que se están desenvolvendo actualmente na Universidade de Vigo.

De conformidade co Real Decreto 463/2020, polo que se declarou o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e coa resolución reitoral do 27 de marzo sobre a suspensión dos termos e dos prazos dos trámites nos procedementos administrativos da Universidade de Vigo, o 15 de abril ditouse un nota informativa da xerencia pola que, aos efectos de ofrecer unha maior seguridade ás persoas aspirantes, así como para darlle máis marxe de actuación aos tribunais xulgadores, se determinaban novos prazos para que os órganos de selección comunicasen á xerencia as datas de realización dos exercicios suspendidos pola declaración do estado de alarma.

Dado que continuamos nun escenario de incerteza e que sigue vixente o estado de alarma, logo de examinar polo miúdo as circunstancias, considerando sobre todo as repercusións derivadas da emerxencia sanitaria nas persoas aspirantes, cunha importante mingua en moitos casos de posibilidades de preparación, é polo que a xerencia formulou, na xuntanza mantida o 11 de maio de 2020, aos órganos representativos do PAS, comités de Ourense e Pontevedra e Xunta de Persoal a proposta de adiamento da realización de exercicios dos procesos selectivos en marcha para o próximo mes de setembro.

A proposta presentada foi aprobada por unanimidade.

En virtude do exposto, comunícase que os exames dos procesos selectivos de PAS actualmente en trámites realizaranse a partir do 1 de setembro de 2020.

Para coñecemento das persoas aspirantes, publicaranse o 1 de xullo na web de procesos selectivos PAS (<https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/convocatoria/public/tipo/convocatorias-pas>) as datas de realización dos exercicios.

A xerenta

Raquel M Souto García

*(documento asinado dixitalmente)*

